

Os mozos e as espadas

MARIO REGUEIRA A TINTA E A LUZ

A Coca ou Tarasca é un dos seres máis internacionais da nosa mitoloxía. Non porque sexa especialmente coñecida alén das nosas fronteiras, senón porque a súa historia está emparentada con centos de relatos similares espallados por toda Europa e aínda máis aló. É a nosa variación da besta que ameaza unha poboación esixíndolle un tributo de doncelas ou tomándoas pola forza, e o heroe que se enfronta a el restituíndo a paz á comunidade. Unha historia que ten como grande referente o San Xurxo da Capadocia, pero que



Cocotibur

Rafael Fernández Lorenzo (ilustr. Esteban Souto) / Xerais / 2021 / 88

páxinas / 11,70 papel - 5'99 epub

tamén seguimos a celebrar en varias localidades do país. A nosa versión ten un monstro peculiar, pero tamén un heroe colectivo que danza coas espadas que libertarán a súa terra da opresión.

Cocotibur de Fernández Lorenzo é unha reinterpretación deste vello mito, un esforzo por dar unha versión historiada que poida chegar a un público novo e que se agradece porque, aínda que temos algúns antecedentes, non é unha historia que fose moi explotada na nosa literatura. A actualización ten unha primeira chiscadela nas primeiras páxinas, o monstro

desta versión conserva a mesma raíz de Coca, pero fai referencia a un ser imaxinado polo neno Artai Rei Alvite, unha besta híbrida entre Crocodilo e Quenlla, cuxo debuxo é a primeira ilustración do volume. O resto son da autoría do profesional Esteban Souto, e podemos dicir que acompañan marabillosamente o aire épico de reminiscencias medievais que caracteriza todo o relato.

Contar unha vella historia outra vez presenta máis retos dos que parece. Elixir que elementos innovar e cales non é o maior e a adhesión a un relato clásico con besta, heroe e dama en apuros pode ser a única pexa desta. A historia podería ter apostado máis polo heroísmo das mulleres, aínda que non deixa de dar voz as personaxes femininas.

Por outra parte, esta versión dános unha perspectiva completa poucas veces imaxinada. A trama parte da desaparición das rapazas e de como este misterio comeza a ser abordado polos habitantes dunha vila mariñeira. Das posibilidades lóxicas, como que fosen tragadas polo mar, chégase a lembrar unha vella historia sobre unha besta que podería ser a responsábel. Xan, o prometido da desaparecida de maior idade, e o seu amigo Cosme, acabarán por tomar as rendas para resolver o misterio e planear a resposta necesaria.

Unha historia que actualiza un dos nosos mitos máis queridos e que, especialmente para o público novo, mantén o interese nunha trama chea de marabillas.

> marioregueira.gal